Concello de Arzúa

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO CONTRATO DE SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE ARZÚA.

1. OBXECTO DO CONTRATO.

1.1.- É obxecto deste contrato a prestación dos servizos de prevención de riscos laborais, de acordo coas prevencións contidas no presente prego e no de prego de prescricións técnicas.

1.2.- CPV 2008: 85140000-2

1.3.- Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato: a realización de todas as actividades correspondentes aos servizos de prevención recollidos no artigo 31.3 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, nas especialidades preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Medicina do Traballo, para cumprir co esixido pola Lei de Prevención de Riscos Laborais, normativa de desenvolvemento da mesma, calquera outra aplicable na materia, e demais especificacións contidas no prego de prescricións técnicas.

2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto de delegación de competencias de 8 de xullo de 2015, para contratacións de obras, de subministros, de servizos, de xestión de servizos públicos, así como os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio; salvo cando se trate de contratos menores en materia de obras, servizos e subministros.

3. NATUREZA XURÍDICA E RÉXIME XURÍDICO.

3.1.- O presente contrato ten natureza administrativa de conformidade co disposto no artigo 19.1.a) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público (en diante, TRLCSP); e cualificase como contrato de servizos ao abeiro do disposto no artigo 10 do TRLCSP.

3.2.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral no artigo 19.2 da TRLCSP e para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexerase por:

- o presente prego de cláusulas administrativas particulares
- o prego de prescricións técnicas
- o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público
- o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña ao TRTRLCSP
- o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público

- supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado
- asemade, ao contrato seralle de aplicación a normativa específica que resulte aplicable sobre a materia á que se refire o contrato

4. ORZAMENTO DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO, PREZO DO CONTRATO, SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO E REVISIÓN.

4.1.- O orzamento de licitación é de **4.000 euros**, mais **840 euros** que corresponden ao 21 % de IVE, o que fai un total de **4.840 €**; mais **5.200 euros** (exentos de IVE); o que supón un total de **10.040 euros**, distribuídos da seguinte maneira:

4.1.1.- Disciplina de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada:

Orzamento sen IVE	IVE 21%	TOTAL
4.000 €	**840 €**	**4.840 €** **(2 anos)**

4.1.2.- Disciplina Medicina no Traballo (vixilancia da saúde):

Custe individual do recoñecemento médico	Nº de traballadores	IVE %	TOTAL
40 €	**65**	**Exento** (artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido)	**5.200 €** **(2 anos)**

4.2.- O valor estimado do contrato é de **18.400 euros**.

4.3.- No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para a adxudicataria como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.

4.4.- Para a determinación do prezo deste contrato o/a licitador/a presentará desglosada a súa oferta económica do seguinte xeito:

- a oferta relativa á Disciplina de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada, cuxo orzamento máximo de licitación é de **4.840 euros**.

- a oferta relativa á Disciplina Medicina no Traballo (vixilancia da saúde): cuxo orzamento máximo de licitación é de **5.200 euros**. En relación a esta oferta, o licitador ofertará á baixa sobre o prezo unitario por recoñecemento médico (máximo 40 euros). O prezo total

ofertado neste apartado será o que resulte de multiplicar o custe individual do recoñecemento médico ofertado (X) polo número de traballadores do Concello (65), sen que en ningún caso poda exceder de 5.200 euros (orzamento máximo de licitación neste apartado tendo en conta os dous anos de duración inicial do contrato).

O contratista só terá dereito ao abono do prezo dos recoñecementos médicos efectivamente realizados en cada anualidade. Porén, a baixa que experimente o prezo total en relación co orzamento máximo de licitación, permitirá poder incorporar un maior número de recoñecementos en función do custe dos mesmos, e polo tanto, cubrir a un maior número de traballadores (en caso de habelos), sen ter que levar a cabo ningunha modificación do contrato, en canto non se exceda do orzamento máximo de licitación previsto neste apartado (5.200 euros). De terse que superar este importe, habería que levar a cabo a correspondente modificación do contrato.

4.5.- Revisión de prezos: Non procede.

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para atender ás obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato, existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación **920.227.99**

De conformidade co disposto no artigo 110.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP a execución do contrato queda subordinada ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e nos artigos 79 e seguintes do Decreto 500/90, a autorización ou realización de gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

6. CATEGORÍA DO CONTRATO.

Categoría 25 do ANEXO II.

7. PROCEDEMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

7.1.- O contrato adxudicarase polo procedemento aberto ao abeiro do previsto nos artigos 138 e 157 a 161 da TRLCSP.

7.2.- A súa tramitación será ordinaria.

7.3.- A forma de adxudicación será a da oferta economicamente mais vantaxosa, atendendo a varios criterios de adxudicación.

8) CAPACIDADE PARA CONTRATAR E CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

8.1.- Poderán tomar parte na licitación as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os empresarios deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial e profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. Neste caso, as empresas licitadoras deberán estar acreditadas ante a autoridade laboral competente para desenvolver todas as funcións das especialidades ou disciplinas preventivas de

seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía, e psicosocioloxía aplicada.

As persoas xurídicas so poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

8.2.- Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea estarase ao disposto nos artigos 58, 66.1, 61.2, 72.2 e 84 do TRLCSP e no artigo 9 do Regulamento Xeral do TRLCAP.

Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias estarase ao disposto no artigo 55 e 72.3 do TRLCSP e no artigo 10 Regulamento Xeral do TRLCAP.

En canto ás unións de empresarios estarase ao disposto nos artigos 59 e 67.5 do TRLCSP e no 24 e 52 do Regulamento Xeral.

9. GARANTÍAS.

9.1.- Provisional: Non se esixe.

9.2.- Definitiva: O licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

10. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

10.1.- O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante.

10.2.- Perfil do contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación aberta a través de internet na seguinte páxina web: **www.concellodearzua.org**

11. OFERTAS.

11.1.- Presentación.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como do prego de prescricións técnicas, sen salvedade ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixo individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

11.2.- Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello, dentro do prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no último dos boletíns en que apareza (DOGA ou BOP), en horas de nove a catorce e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 11.3.
Cando se utilice o sistema de envío por correo, a presentación de proposicións poderá realizarse a

calquera hora do último día de prazo. Neste caso o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (981 500 914) ou telegrama en calquera momento antes de expirar o día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade á data na que remata o prazo para presentar as solicitudes. Transcorridos os 10 días naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de proposicións coincida en domingo ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

Toda a documentación presentarase en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

11.3.- Documentación.

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán de ser orixinais ou fotocopias compulsadas cos seus orixinais.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán dous sobres: **SOBRE A** (documentación xeral), **SOBRE B** (documentación técnica e económica).

Os aludidos sobres presentaranse do seguinte xeito:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.
- E ademais, os licitadores que se atopen inscritos nun Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas deberán facer constar o número de inscrición no sobre A (por fóra).

As indicacións de **SOBRE A** e **SOBRE B** respectivamente, deberán figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constará a lenda:

"Proposición para tomar parte na contratación do servizo: (deberase indicar neste espacio a denominación do contrato)"**.**

11.3.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación xeral".

No sobre A figurará a seguinte documentación:

- Declaración responsable nos termos do **Anexo I** deste prego, debidamente cuberta e asinada.
- Documento expedido pola autoridade laboral que acredite á empresa como Servicio de Prevención Alleo con capacidade para prestar o servizo.
- No seu caso, autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación. Axustarase ao modelo establecido no **Anexo III**.
- No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o **Anexo I**, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas,

na que figurarán:
a) o nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen
b) a participación de cada un na unión a constituír
c) a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato
d) o representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo

- No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

11.3.2.- Sobre B: Subtitulado "Documentación técnica e económica"

No sobre B figurará a documentación relativa aos criterios de valoración avaliables mediante cifras (12.1) e avaliables mediante aplicación de fórmulas (12.2), que se relacionan na cláusula seguinte deste prego.

B.1) Documentación técnica.

Incluiranse aqueles documentos que se esixan nas prescricións técnicas (no seu caso) e aqueles que sexan precisos para a valoración das proposicións de conformidade cos criterios de valoración avaliables mediante cifras, establecidos na cláusula 12.1.

B.2) Documentación económica.

Incluirase a proposición económica, que se axustará ao modelo establecido que se achega como **Anexo II** deste prego.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía que a que figura na cláusula 4.1. deste prego.

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN.

CRITERIOS				**PUNTOS**
1.- AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS				**De O a 60 puntos**
1.1	Realización de cursos de formación aos traballadores e de xornadas divulgativas sobre temas preventivos concretos: Valorarase o número de cursos ofertados que se impartirán, a modalidade de impartición e o número e experiencia dos formadores que se asignarán ao contrato		Máximo 15 puntos	
	a) Curso de primeiros auxilios	- modalidade a distancia o teleformación: 0,5 puntos por curso ofertado - modalidade presencial en instalacións do órgano de contratación: 1 punto por curso ofertado	Máximo 15 puntos	
	b) Curso de extinción de incendios	- modalidade a distancia o teleformación: 0,5 puntos por curso ofertado - modalidade presencial en instalacións do órgano de contratación: 1 punto por curso ofertado	Máximo 2 puntos	
	c) Curso de evacuación e rescate en espazos confinados	- modalidade a distancia o teleformación: 0,5 puntos por curso ofertado - modalidade presencial en instalacións do órgano de contratación: 1 punto por curso ofertado	Máximo 2 puntos	
	d) Número de formadores	- 0,50 puntos por cada formador asignado á execución do contrato	Máximo 2 puntos	
	e) Formación académica do/s formador/es	- Técnico superior de prevención de riscos laborais nas especialidades de Seguridade no traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e	Máximo 5 puntos	

		Psicoloxía aplicada: (0,25 puntos) - Máster oficial universitario en Prevención de Riscos Laborais: (0,25 puntos) - Formador de Formadores en Seguridade e Prevención de Riscos Laborais (0,25 puntos) - Auditor de sistemas de xestión de Prevención de Riscos Laborais: (0,25 puntos)		
	f) Experiencia do/s formador/es como docentes no ámbito obxecto do contrato	0,25 puntos por cada ano de experiencia acreditada	Máximo 2 puntos	
1.2	Por dispor dun sistema de información en liña a disposición do Concello de Arzúa, tendo en conta a accesibilidade do mesmo, o facil manexo e a seguridade:		Máximo 5 puntos	
	Se permite acceder de maneira gratuíta a un sistema integral de información xurídica on line	0-5 puntos		
	Se permite a consulta de todo o relacionado co contrato de prevención	1 punto		
	Se permite a consulta de citas para recoñecementos médicos coa data do dia e hora e as indicacións necesarias para o recoñecemento medico	1,5 puntos		
	Se permite a consulta de recoñecementos médicos realizados	2 puntos		
1.3	Por instalacións propias do Servizo de Prevención, non concertadas con outras entidades, con que conte a empresa no ámbito de execución do contrato. Valorarase o número de Unidades Básicas de Saúde especialistas situadas na Comarca de Arzúa, así como a dotación de Técnicos en prevención de nivel superior co que conta o Servizo de Prevención na Comarca de Arzúa e os medios asignados á prestación das actividades do concurso		Máximo 10 puntos	
	Por unidade básica de saúde dotada con especialista en Medicina do Traballo, ubicada dentro da Comarca de Arzúa	0- 10 km (5 puntos) 11- 21 km (3 puntos) 22 – 40 km (2 puntos) 41 km ou mais (1 punto)		
	Por cada técnico en Prevención de nivel superior co que conta o servizo de Prevención dentro da Comarca de Arzúa	0.2 Técnicos (2 puntos) 3-5 Técnicos (3 puntos) 6 ou mais Técnicos (5 puntos)		
1.4	Por actividades non comprendidas nas solicitadas, que excedan do mínimo legal esixido pola normativa, que o licitador se comprometa a desenvolver dentro do prezo do contrato		Máximo 20 puntos	
	Manual de prevención por clases de posto	1 punto		
	Propostas de actividades preventivas complementarias a levar a cabo	- de 1 a 3 actividades preventivas complementarias (2 puntos) - de 4 a 6 actividades preventivas complementarias (3 puntos) - mais de 6 actividades preventivas complementarias (4 puntos)		
	Ampliación del recoñecemento médico mediante maior número de probas diagnósticas.	- de 1 a 5 probas a maiores das especificadas (1 punto) - de 6 a 10 probas a maiores das especificadas (2 punto) - mais de 10 probas a maiores das especificadas (3 puntos)		
	Ofrecemento de terapias ou tratamentos preventivos para dolencias concretas e frecuentes dos empregados	1 punto		
	Subministro de manuais e material de primeiros auxilios	2 puntos		
	Mantemento de botiquins instalados nos centros de traballo	2 puntos		
	Subministro de EPIS para os postos de mantemento e limpeza	- subministro de casco, gafas, luvas e máscara (4 puntos) - subministro de casco, gafas, luvas e máscara e		

		calzado de seguridade (6 puntos)		
	Dotación de instrumental, equipos de medición	1 punto		
1.5	Por dispor de unidades móbiles propias para a realización dos recoñecementos médicos en calquera centro de traballo dependente do concello que se requira, provistas da perceptiva Autorización Sanitaria		Máximo 10 puntos	
	De 1 -2 unidades móbiles	3 puntos		
	De 3- 5 unidades móbiles	7 puntos		
	mais de 5 unidades móbiles	10 puntos		
2.- AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS				**De O a 40 puntos**
2.1	Oferta económica A oferta económica valorarase empregando o "programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación da Coruña"			
3.- CRITERIOS DE DESEMPATE				
3.1	No caso de que varias empresas se encontren nas circunstancias expresadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.			
3.2	Se tras a aplicación do exposto no parágrafo anterior persistise o empate, e de conformidade co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e artigo 28 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, tivera obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención).			
3.3	No suposto de que unha vez aplicados os ditos criterios existisen dúas ou máis entidades con idéntica puntuación que, á súa vez, acrediten o especificado nos parágrafos anteriores, a adxudicación determinarase acudindo á puntuación acadada de acordo cos criterios sinalados no apartado 1 (avaliables mediante cifras), resolvéndose a favor daquela que obtivera respecto del a máis alta.			

13. MESA DE CONTRATACIÓN.

Tendo en conta o disposto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, a Mesa de Contratación estará composta por:

- Presidente: O alcalde José Luis García López

- Vogais: A interventora Olga Castro Fernández
  O secretario Juan Colmenares Lopez-Soldado
  A concelleira de facenda Mª del Carmen Torreiro González

- Secretario: A funcionaria Marta Pérez Iglesias

14. APERTURA DE DOCUMENTACIÓN E VALORACIÓN DE OFERTAS.

- **SOBRE A**

A apertura do SOBRE A terá lugar ás 10:00 horas do terceiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das proposicións. Si coincidise en sábado, trasladarase a apertura ao seguinte día hábil.

O acto de apertura comezará co reconto das proposicións presentadas. A mesa de contratación examinará si a documentación presentada polos licitadores cumpre os requisitos de tempo e forma, rexeitando aquela que incumprise estes requisitos. De seguido, a Mesa abrirá o SOBRE A para valorar o cumprimento dos requisitos e condicións esixidas polo TRLCSP para poder resultar

adxudicatario do contrato. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador os subsane.

Unha vez cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, a Mesa de Contratación procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

- **SOBRE B**

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura da documentación avaliable mediante cifras e mediante aplicación de fórmulas (SOBRE B), presentada polas empresas que fosen admitidas á licitación por ter presentada correctamente a documentación xeral.

A apertura celebrarase no lugar, día e hora que se sinale no taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante, cunha antelación de cando menos 2 días á súa celebración, e sen que exceda do prazo de 7 días a contar da apertura do SOBRE A.

O secretario dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no SOBRE A, indicando os licitadores excluídos e as causas da súa exclusión, invitando aos asistentes a formular as observacións e instar as explicacións que estimen pertinentes pero sen que en ningún caso se admitan pola Mesa documentos que non fosen entregados durante o prazo de presentación de ofertas ou de correccións ou subsanacións que se outorgaran segundo o disposto nos presentes pregos.

A continuación, o secretario da mesa procederá á apertura dos SOBRES B, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e darase a coñecer o seu contido.

Concluído o acto público de apertura, a Mesa de Contratación realizará a valoración das ofertas segundo o disposto na cláusula 12 para os criterios de valoración, pudendo solicitar a tales efectos cantos informes técnicos considere precisos.

15) PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de Contratación remitirá ao órgano de contratación o acta que incluirá a correspondente proposta de adxudicación na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente xunto coa puntuación outorgada a cada una de elas por aplicación dos criterios indicados na cláusula 12, identificando a oferta economicamente mais vantaxosa.

16) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá ao licitador que tivese presentado a oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

1.- <u>Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de personalidade xurídica do empresario</u>:

a) Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.
b) Persoas xurídicas: será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto

fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
c) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: a capacidade de obrar acreditarase pola súa inscrición nos rexistros procedentes de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, que se indican no Anexo I do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.
d) Empresas non comunitarias: deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.
Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

2.- Documentación que acredite a representación de quen asina a proposición en nome de outro:

a) DNI do asinante ou documento que regulamentariamente o substitúa.
b) Si o representado fose unha persoa física, escritura de poder notarial outorgada.
c) Si o representado fose unha persoa xurídica, escritura de constitución, ou de modificación de acordos sociais, inscritas no Rexistro Público correspondente, nas que figuren os particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentarase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro Mercantil, ou no seu caso, no rexistro público que corresponda.
d) Dilixencia de bastanteo de poderes expedida polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello, que valore como suficiente a documentación anterior para que o asinante poda actuar en representación do licitador. **Xunto coa dilixencia de bastanteo deberá de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.**

3.- Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursa en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP, conforme ao modelo que figura como **Anexo IV**. Dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas polas disposicións vixentes.

Exención de presentar a documentación relacionada nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula sempre que o licitador se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, tendo en conta o seguinte:

- **O adxudicatario presentará a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.**
-
- **O adxudicatario que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña,**

acompañará unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).

En todo caso o licitador deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores, segundo o modelo que figura como Anexo V ao presente prego. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrais farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

4.- Documentación acreditativa das solvencias esixidas:

a) A solvencia económica e financeira, poderá acreditarse, de conformidade co artigo 75.1 do TRLCSP, polos seguintes medios:

- volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, referido aos tres últimos exercicios concluídos dispoñibles en función da data de creación ou inicio das actividades da empresa; ou ben
- nos casos en que resulte apropiado, por tratarse dun profesional que non teña a condición de empresario, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais subscrito cunha entidade aseguradora

Reputarase solvente ao licitador que acredite ter:

- un volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser igual ou superior ao 75% do valor estimado do contrato
- un seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato

A acreditación da solvencia económica e financeira terá lugar a través de:

- nos casos do volume anual de negocios, por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivera inscrito en dito rexistro; e en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito; debéndose acreditar ditos extremos. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil
- nos casos en que proceda acreditar a solvencia mediante un seguro de indemnización por riscos profesionais, haberá que aportar un certificado expedido polo asegurador no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro; xunto cun documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda para garantir o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato

b) A solvencia técnica ou profesional, poderá acreditarse, de conformidade co artigo 78.1 do TRLCSP, polo seguinte medio:

- mediante unha relación selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco (5) anos que inclúa a descrición do obxecto de ditos traballos, o importe, datas e beneficiarios públicos ou privados deles. Dita relación deberá presentarse segundo

o cadro modelo que se reflexa a continuación:

Relación dos traballos executados no curso dos últimos cinco anos (5)			
DENOMINACIÓN E OBXECTO CONCRETO	IMPORTE	DATA DE FINALIZACIÓN DA EXECUCIÓN (DÍA/MES/ANO)	DESTINATARIO

O citado período de 5 anos abranguerá:

- Respecto do ano 2011, dende o día equivalente ao seguinte ao de finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31/12.
- Os anos 2012, 2013, 2014 e 2015 completos.
- E o período transcorrido do ano 2016 ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Os servizos ou traballos acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do licitador.

Reputarase solvente o licitador que acredite un importe anual executado, durante o ano de maior execución do citado período, igual ou superior ao 75% do valor estimado do contrato en servizos ou traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato.

Aos efectos de determinar a correspondencia entre os servizos ou traballos executados e os que constitúen o obxecto do contrato, atenderase a que pertenzan ao mesmo subgrupo de clasificación (cando o contrato estea encadrado en algún dos subgrupos establecidos no Regulamento da Lei de contratos das Administración Públicas); ou ben, a que os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos sexan iguais (cando o contrato non estea encadrado en algún dos subgrupos establecidos no Regulamento da Lei de contratos das Administración Públicas).

5.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O adxudicatario non terá que aportar estas certificacións en caso de ter presentado dentro do SOBRE A a autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación, debidamente cuberta. Neste último caso, esta documentación será obtida de forma directa polo órgano de contratación en base á devandita autorización.

A inexistencia de débedas pendentes co Concello de Arzúa será comprobada de oficio polo Departamento correspondente, para o cal deberá de cumprimentar o modelo de autorización que figura no **Anexo VI**).

6.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas: orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente; ou orixinal ou copia compulsada do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; ou, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

7.- A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fose procedente.

8.- Escritura pública de constitución da Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no

rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivese tal condición.

De conformidade co disposto no artigo 151.2 parágrafo 3º do TRLCSP, de non presentarse a documentación na forma e prazo establecidos, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou neglixencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60.2.d) do TRLCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recadar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

17) ADXUDICACIÓN.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á data de recepción da documentación á que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

18) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adxudicación aos licitadores. Dito documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Como requisito previo á formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar no Departamento de Secretaría do Concello:

- a documentación xustificativa da existencia e vixencia dun contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra todos os danos e prexuízos de calquera índole (persoais ou materiais) que se poidan derivar da prestación do servizo contratado: deberá presentar póliza e recibo de pago vixente, ou ben, certificación expedida pola entidade aseguradora na que queden acreditados os extremos aos que se refire este apartado.

- o documento acreditativo do pago da publicación dos anuncios derivados de expedientes de contratación en boletíns e/ou diarios oficiais, relativo a este contrato, ata un importe máximo de 800 euros.

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, salvo nos supostos de tramitación de emerxencia.

Unha vez formalizado o contrato, comunicarase ao Rexistro Público de Contratos a que se refire o artigo 333 do TRLCSP.

19) PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

19.1.- A formalización dos contratos cuxa contía sexa igual ou superior ás cantidades indicadas no artigo 138.3 publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adxudicación.

19.2.- Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 100.000 euros ou, no caso de contratos de xestión de servizos públicos, cando o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa igual ou superior ao dito importe, ou o seu prazo de duración exceda os cinco anos, deberase publicar, ademais, no «Boletín Oficial del Estado» ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais das comunidades autónomas ou das provincias, un anuncio en que se dea conta da dita formalización, nun prazo non superior a corenta e oito días contados desde a data desta.

20) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DOS TRABALLOS E RESPONSABLE DO CONTRATO.

20.1.- O órgano de contratación terá a facultade de inspeccionar dun xeito continuado e directo a execución do contrato, para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trata.

20.2.- O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da LCSP, quen supervisará a execución do mesmo comprobando que a súa realización se axusta ao establecido, tanto nos seus aspectos técnicos como organizativos, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa. Asemade, cursará ao contratista as ordes e instruccións do órgano de contratación en todo o relativo ao correcto desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

21) OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

O/A contratista executará o obxecto do contrato con estrita suxeición ás estipulacións contidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como ás instrucións que no seu caso lle de o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

O/A contratista, baixo a supervisión do responsable do contrato, achegará a súa propia dirección e xestión na execución do contrato, sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. Asemade, non poderá introducir alteracións no contrato ao longo da súa execución sen autorización previa do órgano de contratación, que recibirá puntualmente información de todas as incidencias que ocorran no transcurso do mesmo.

O/A contratista está obrigado a cumprir a normativa vixente en materia de prevención de ricos e calquera outra que se aprobe mentres o contrato estea en vigor; e especificamente con todas as obrigas sinaladas no prego de prescricións técnicas.

22) GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados como nos orzamentos de licitación enténdense comprendidas todas as taxas e impostos, directos ou indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista. O importe do IVE indicarase como partida independente. Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaran precisos para a execución do contrato, incluídos posibles desprazamentos.

23) ABONOS AO CONTRATISTA.

23.1.- O pago do prezo realizarase anualmente, previa presentación da factura correspondente, debidamente conformada pola unidade que reciba o traballo (ou no seu caso, polo responsable do contrato) e unha vez aprobada polo órgano competente.

23.2.- O orzamento de licitación do contrato establecido no apartado 4.1.1 do prego (unha vez aplicado o coeficiente de baixa de licitación, se é o caso), fraccionarase en 2 partes ao obxecto da expedición da factura anual.

Respecto do orzamento de licitación do contrato establecido no apartado 4.1.2 do prego (unha vez aplicado o coeficiente de baixa de licitación sobre o prezo unitario por recoñecemento médico), o contratista terá dereito ao abono do prezo dos recoñecementos médicos efectivamente realizados en cada anualidade, atendendo ao disposto no último apartado da cláusula 4.4.

23.3.- A factura só poderá presentarse polo contratista unha vez se teña realizado a recepción da prestación de conformidade por parte da administración. A administración deberá aboar o importe das facturas dentro dos prazos establecidos no artigo 216 apartados 4, 5 e 6 do TRLCSP.

23.4.- As facturas deberán de cumprir os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, e ademais, os seguintes:

- presentarse ante o Rexistro Xeral do Concello, para a súa posterior remisión ao órgano ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma

- indicar o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidad pública (Intervención); o órgano de contratación (Xunta de Goberno Local); e o destinatario da factura (Concello de Arzúa);

23.5.- O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión xurda efectos e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión.

24) MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

A modificación do contrato rexerase polo disposto nos artigos 105 a 108 e 211 do TRLCSP.

25. EXECUCIÓN DO CONTRATO: PRAZO DE DURACIÓN, CONTIDO, PRÓRROGAS E CUMPRIMENTO DEFECTUOSO.

25.1.- A duración do contrato será de DOUS (2) anos a partir do día seguinte ao da súa formalización.

25.2.- O contratista executará o contrato con estricta suxeición ás estipulacións contidas no

presente prego e no prego de prescricións técnicas, así como ás instrucións que para a súa interpretación lle dea o órgano de contratación, que se reserva un dereito de supervisión e inspección.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

25.3.- A duración do contrato poderá prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de CATRO (4) anos en total (é dicir, 2 anos de duración inicial + posible prórroga de 1 ano + posible prórroga de 1 ano).

As prórrogas acordarase polo órgano de contratación antes da finalización da súa duración inicial ou da prórroga correspondente, no seu caso; e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

25.4.- No caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá imporlle ao adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 212.4 do TRLCSP.

Estas penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación (a proposta do responsable do contrato si se tivese establecido) que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a deducción das cantidades que en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ao contratista. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade daquelas.

A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a administración polos danos e prexuízos ocasionados polo contratista.

26) RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

26.1.- Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase por resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do TRLCSP.

26.2.- A extinción dos contratos de servizos non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que os realizaran como persoal da administración contratante.

26.3.- Concluída a vixencia do contrato e cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do mesmo, este considerarase extinguido a todos os efectos.

27) PRAZO DE GARANTÍA.

O obxecto do contrato queda suxeito a un prazo de garantía de tres meses, a contar dende a data de recepción ou conformidade do traballo. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos efectuados quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado a subsanar a súa costa todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puideran derivar das responsabilidades en que poida incorrer, de acordo co establecido no presente prego e no artigo 305 do TRLCSP.

28) DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, e prestada a conformidade polo órgano de contratación, se non resultaren responsabilidades que deban exercitarse sobre a

garantía definitiva, acordarase a devolución e cancelación da mesma.

29) RÉXIME XURÍDICO E RÉXIME DE RECURSOS.

O presente contrato ten natureza administrativa de conformidade co disposto no artigo 19.1.a) da TRLCSP, rexéndose, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo disposto no artigo 19.2 da devandita norma.

A cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que podan plantexarse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao previsto na Lei reguladora de dita xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados podan interpor recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acto obxecto do recurso; así como calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

30) ANEXOS AO PRESENTE PREGO.

Anexo I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS
Anexo II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA
Anexo III. AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN
Anexo IV. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR
Anexo V. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES
Anexo VI. MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS AO CONCELLO DE ARZÚA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA

Anexo I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

Cumprimentar os espacios e marcar cun X o que corresponda en cada caso
NON engadir NIN suprimir ningún apartado NIN modificar o modelo de declaración responsable de ningún xeito

DON/DONA.....
con domicilio en ..... CP....., provisto de D.N.I. nº ..... en nome propio ou en nome e representación de
.....

SINALA como datos do/a licitador/a os seguintes:
Nome e apelidos ou denominación social.....
NIF.....teléfono .....
fax.....correo electrónico.....
Enderezo para notificacións.....

MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....
.....

SOLICITA que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, é esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.

3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.

5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.

6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

- Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.

- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Arzúa, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o nº de rexistro):

   - Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº:.....

   - Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº:.....

   - Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº.....

   - Outros:.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

   ☐Non se atopa incursa nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

   ☐Atoparse incursa no suposto..... (indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou estar integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):
   1.....
   2.....
   3.....
   4.....
   5.....
   6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sométese á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).

Lugar, data e sinatura do propoñente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

Anexo II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.....
con domicilio en ..... CP....., provisto de D.N.I. nº ..... en nome propio ou en representación de ....., CIF nº ....., sabedor das condicións e requisitos que se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato de.....

DECLARA:

1º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que lle serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome ..... (propio ou da empresa a que representa) a cumprir o contrato coa estricta suxeición aos documentos citados de acordo coa seguinte oferta económica:

- Disciplina de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada:

Orzamento sen IVE	IVE 21%	TOTAL
..... €	**..... €**	**..... €**

(a oferta económica terá en conta a duración do contrato, establecéndose os importes tendo en conta a duración inicial de 2 anos)

- Disciplina medicina no traballo (vixilancia da saúde):

Custe individual do recoñecemento médico	Nº de traballadores	IVE %	TOTAL
..... €	65	Exento (artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido)	**..... €** (resultado de multiplicar o custe individual do recoñecemento médico ofertado X número de traballadores do Concello X 2 anos)

(a oferta económica terá en conta a duración do contrato, establecéndose os importes tendo en conta a duración inicial de 2 anos)

3º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data e sinatura do propoñente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

Anexo III

AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

DON/DONA.....

con D.N.I.....teléfono.....

e domicilio na rúa .....

nº.....piso.....C.P.....provincia.....

en nome propio eu representación da empresa.....

con NIF.....teléfono.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de .....

.....

AUTORIZA á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

Lugar, data e sinatura do propoñente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

Anexo IV

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

DON/DONA.....

con DNI..... teléfono.....

e domicilio na rúa.....

nº..... piso.....C.P.....provincia.....

en nome propio ou representación da empresa.....

con NIF..... teléfono.....

sendo PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA DO CONTRATO de.....

.....

DECLARA:

- que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.

- que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Arzúa, ou que si as ten, atópanse garantidas.

Lugar, data e sinatura do propoñente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

Anexo V

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

DON/DONA.....
con DNI nº:....., en nome propio ou en representación da empresa.....con NIF....., inscrita no Rexistro de Licitadores de.....co nº..... sendo PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA do contrato de.....
.....

DECLARA:

☐A) Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores non teñen sufrido alteración en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado do Rexistro.

☐B) Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores teñen sufrido variación os que a continuación se indican, segundo se acredita mediante os documentos que se achegan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que teñen sufrido variación:

Documentación xustificativa que se achega:

Lugar, data e sinatura do propoñente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

Anexo VI

AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA

DON/DONA.....

con D.N.I..... teléfono .....

e domicilio na rúa .....

nº.....piso.....C.P.....provincia.....

en nome propio eu representación da empresa.....

con NIF.....teléfono .....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de .....

.....

AUTORIZA autoriza ao Concello de Arzúa a obter da Base de datos de Xestión Tributaria e de Recadación da Deputación Provincial os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias e da súa situación de débedas con dito Concello.

Lugar, data e sinatura do propoñente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA